

**A cultura clásica en Xoán Manuel Pintos,
material dignificador para Galiza**

Xosé Abilleira Sanmartín

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ABILLEIRA SANMARTÍN, XOSÉ (2011 [2011]). “A cultura clásica en Xoán Manuel Pintos, material dignificador para Galiza”. Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1113>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 13 de outubro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as.

A CULTURA CLÁSICA EN XOÁN MANUEL PINTOS, MATERIAL DIGNIFICADOR

Xosé Abilleira Sanmartín

Xoán Manuel Pintos, que non foi alleo ao seu tempo nin á súa terra, a Galiza do complexo século XIX, elabora con consciencia e compromiso as coordenadas da reivindicación e dignificación da nosa lingua e do noso país, concibido como unidade. A este propósito serve a súa profunda formación clásica e humanística. Sobre tal dimensión vai a presente comunicación, centrada nalgúns aspectos lingüísticos, literarios e mesmo de reclamación da historia nacional que o noso autor aborda. Merecen atención, nesta perspectiva, diversas referencias, motivos e exemplos que, como é o caso do poeta latino Horacio, se poñen ao servizo da dita tarefa dignificadora.

1. Presentación

Foi Xoán Manuel Pintos, segundo práctico consenso, o grande precursor das nosa literatura contemporánea e *A gaita gallega* a “pedra de alicerce da nosa renacencia”, en coñecidas palabras de Ramón Cabanillas. O noso autor representa a reivindicación da nosa lingua e do propio país e, “aínda máis”, marca as coordenadas da denuncia da marxinación de Galiza, a solidariedade co pobo galego e a consciencia de nós e do noso idioma. Fanse explícitas asemade a crítica do Estado centralista e as negativas repercusións que este causa na Galiza, fundamentalmente económicas e sociais, como a fame, os foros, a desamortización, a emigración, etc.

Mais, á vez, pola obra de Pintos percorre sempre a voz da dignificación dos valores e creacións individuais e colectivas do pobo galego, como poden ser, por exemplo, o enxalzamento da figura de Sarmiento (e con el, a nosa ilustración) ou a recuperación da nosa historia nacional (consciente mesmo de Galiza ser o primeiro reino europeo cos suevos) ou a definición do galego como lingua románica e a súa restauración e estima.

Polo tanto, toda unha tarefa dignificadora, a da obra de Xoán Manuel Pintos. Unha recuperación e gabanza da nosa cultura, das nosas figuras, da nosa historia, da nosa nación. Unha restauración moi premeditada que, valorando o noso pasado e prezando a nosa lingua, enceta unha andaina favorábel para a normalización plena, en todos os planos, de Galiza. Un país asumido como centralidade, sen intermediarios nin roles de subordinación. Unha reclamación de dereitos, en todos os eidos, que desde entón vai caracterizar e definir a nosa literatura. Nesta perspectiva de servizo ao país é onde hai que encadrar todo o material vencellado ao mundo clásico que o noso autor dispón na súa obra.

2. O mundo clásico en Pintos

A ampla formación humanística e clásica de Xoán Manuel Pintos contribuíu activa e conscientemente á tarefa de dignificación que vimos comentando. O noso autor é quen de dialogar directamente cunha cultura tan referencial como a grecolatina e, neste aspecto, a presenza de motivos, temas, elementos, personaxes reais ou non, etc. do mundo clásico aparecen como pezas fundamentais que serven para acentuar as calidades e méritos de todo o que se pretende restaurar. Como apunta María Pilar García Negro:

“Cómpre salientar a súa sólida formación humanística e clásica, que utilizou sempre ao servizo dunha firmísima defensa da lingua galega e da necesidade da súa restauración e dignificación”, María Pilar García Negro, en 9. “A emerxencia da literatura galega na primeira metade do século XIX (1808-1863), p. 283, en *Historia da literatura galega*, 1. ASPG-ANT, 1996.

Neste sentido hai que sinalar, ademais de episodios da historia antiga referidos ao noso país (Medulio, a *dives Gallaecia*, o xa dito reino suevo, ou aspectos míticos de historia local referidos a Pontevedra –Teucro, sobre todo–) ou as argumentacións filolóxicas a prol do galego como lingua procedente do latín, non só unha cuantiosa recolleita de exemplos do latín bíblico ao longo de toda a súa obra, senón tamén un bo número de citas e aforismos clásicos (1) de autores centrais como Ovidio, Virxilio ou Horacio. Tamén é moi nutrido o repertorio mitolóxico do que Pintos bota man (2) ou a utilización dun bo elenco de composicións e personaxes literarios ou históricos do ámbito grecolatino (3) ou o xa mencionado recurso ás “auctoritares” (4). Resulta igualmente moi ilustrativo como elemento paródico o uso frecuente que se fai do latín macarrónico (5).

Aínda así, o que centra o noso interese é a aparición e manexo de temas, motivos e tópicos clásicos e, como aspecto central, a súa adaptación ao contexto no que Pintos escribía, unha especie de aclimatación á nosa realidade concreta e nacional como factor de intelixibilidade.

Isto vémosto, por poñer algún exemplo, no tratamento que o autor pontevedrés fai do motivo da Fortuna, a deusa da sorte e os seus cambios, correspondente á grega *týje* :

Que a roda da fortuna/levanta e baixa a eito,
dá voltas ó dereito,/dá voltas ó rivés.
E moitos que se viron /con muita fantesía
da noite para o día/se ven por entre os pés
“Antonio e Margarida” (1857) (vv. 273 ss)

A roda da Fertuna corre e mide/ó seu antoxo tod’os bens e males
“A Galicia” (1861) (v. 609-10)

a roda inquieta da venal fortuna AGG, F.5, v.325

De igual modo observamos tal adaptación, neste caso cunha intención paródica, coa denominación da palabra popular “pandorcas” por “musas”:

a las nueve hermanas/y al Parnaso entero AGG, F.1,p. 103
ni’ás nove pandorcas/ni’ó Parnaso inteiro (p.104)

Outro dos motivos clásicos usados é o das Parcas. Estas deusas do destino, equivalentes ás *moiras* do mundo grego, representaban a propia vida a través de tres irmás: Cloto, a fiadeira que posúe a roca; Láquesis, a que medía a duración da existencia, e Atropos, a inflexíbel, a que curta o fío e pon fin á vida (lembremos que este motivo contaba xa cunha gran referencia na nosa literatura, o anónimo soneto de Monterrei, de aproximadamente o 1530):

Mais agiña correndo vai tirando/sin dor a Parca do crecente cerro;
outra co fuso fiando,/e o poderoso berro
non detén as tixeiras traballando AGG F.5, p.363

Tamén temos algunha mostra do motivo clásico da vida como libro, de gran uso e variacións no mundo antigo e medieval:

Bótame un traslado desa historia/escrita no gran libro que é da vida AGG, F.2,p.149

Mais un dos tópicos que sobrancea é o do “locus amoenus”. Pintos recreao nas fermosas paisaxes do río Lérez, alcanzando un cadro edénico coa mitoloxía e co uso de sensacións múltiples, descrições e exclamacións, logrando unha estampa moi suxestiva:

No outeiro que garima o manso Lérez,/regazo de Pomona e mais de Flora,
paraíso de alegrías,/óense mil regaladas harmonías
ó despuntar a autora.

¡Aquel fresco ruído que arma o río,/rizando branca espuma nas correntes
das augas transparentes!;/¡Os peixiños brincando polas beiras!

¡Nos ares mil cantores/desdobrando de prumas mil bandeiras
de bonitos colores!

¡Oropéndulos, gílgaros, pardelos,/verderoles, siríns e reiseñores,
encarnados e verdes e amárelos/e brancos e azulados,
con guías e mais cabos mui dourados!

¡Todos co seu amor e súa riqueza/rebulindo entre os árbores e frores
e botando inocentes seus louores/ó sabio autor da hermosa natureza!
AGG, F.2, páxs. 146 ss.

Este escenario paradisíaco correspondente ao Lérez e á zona da Fillagosa (de uso tan fértil nos poetas pontevedreses, de Xoán Bautista Andrade a Xoán Vidal ou Luís Amado Carballo) tamén aparece posteriormente na F.7, pág 428, ao recoller unha carta do tan louvado P. Sarmiento ao seu irmán Javier, publicada en 1850:

“Unos 300 pasos antes de llegar al río Lerez, al pie del Monasterio, hay una cataratilla, o por mejor decir una natural cascada, que hace el arroyuelo de la Fillagosa al precipitarse en el Lérez de muy alto por la ladera que mira al sol de mediodía. El que hubiere leído la descripción que Aliano hace del paraíso ó Thempe de Thesalia creerá que habla de aquella ladera dicha, por la varia natural y complicada amenidad del sitio y por la variedad de frutos, aves, peces, frutales, y árboles, casi innotos, que con las aguas del río y de la ría hacen aquel parage el más delicioso que he visto”.

Segundo vemos hai referencias a Eliano co seu *Paraíso ó Thempe de Thesalia*, destacado modelo de *locus amoenus* con tratamentos en Teocrito, Virxilio, Teopompo e mesmo na poesía bucólica e amorosa, incluída a posterior dos goliardos e dos poetas cristiáns.

Outra boa mostra evocadora do mundo clásico, neste caso dun xénero, é a da peculiar fábula dos “dous cadelos”, que nos leva a poñela en relación coa dialéctica campo/cidade. Este motivo ten numerosas manifestacións ao longo do tempo e das culturas. Garda conexións co tópico do “menosprezo de corte e louvanza de aldea”, con exemplos como a coñecida fábula do “mus rusticus”/“urbanus”, de Horacio, *Sermo VI, liber II*, xa tratada por Esopo (*Mys aruraíōs kai Mys astikós*) e logo Babrio (*Mys aruraíōs kai mys oikósitos*), e que contou con posteriores adaptacións en diversas literaturas como o “enxiemplo del mur de Monteferrado et del mur de Guadalajara” do *Libro de Buen Amor*, ou “el ratón de la corte y el del campo” de Samaniego, recollida en galego co título de “un Rato señorito e un do campo” no “extracto de fábulas” do *Compendio de Gramática Gallega-castellana* de Francisco Mirás (Santiago 1864), ou “Le Rat de Ville et el rat des champs” de La Fontaine, ou mesmo entre os contos de animais da nosa literatura popular (“O rato do monte e o da casa”, Lugo nº 33, en Domingo Blanco, *Escolma de literatura popular galega*, ASPG-A Nosa Terra, 1996, p.248):

Indo unha vez polo monte,/de cachaperna a cabalo,
un home cabo dun valo/parouse detrás dun cón
dous cadelos escoitando,/un da vila, outro da aldea,
que dimpois dunha pelea/trabaran conversación (...) AGG, F.3, páxs.196 ss.

3. Pintos tradutor

Xunto á fartura “clásica” antes apuntada, é nas mostras das traducións ou versións que Pintos fai do latín ao galego onde se pode percibir a exemplificación da adaptación ao noso contexto xa sinalado. Ademais disto, as mesmas teorizacións sobre o feito de traducir que se formulan e recollen na súa obra conectan claramente coa dignificación e coa idea de fixación dunha lingua culta, por máis que se manteña aínda o seu carácter pragmático (*utile*). Así, como mostra de debates teóricos entre “gaiteiro” e “tamborileiro” sobre as traducións (*e verbo ou e littera* fronte a *e sensu*) temos:

“Finalmente non che privo/Que traduzas a Amoedo,
E mais a tempo de falo/Podes facelo en gallego.
–Trabajo señor me manda/Superior a mi talento
Y saldrá una cosa fría/verbum et verbo reddendo.
–Ti, si colles e penetras/o sentir e pensamentos
do autor, alá á túa moda/explicáte e alá ó teu geito;
mais palabra por palabra/non traduzas, pois entendo,
mocosono mocosonas/que é traducir de canteiros.
Ti di o que quixo decire/Hermenegildo no texto,
e si podes tamén dío/con medida ou ben en verso (...)
–Pues señor, a traducirlos/voy al instante en gallego
libremente (...)”AGG F.4, páxs 293 ss.

...que se atienda en la escritura/a la etimología del gallego (F.3, p.218)
que do latín procede o meu gallego (p.222)

Merece ser destacado igualmente, neste eido, o importante conxunto de voces galego-latín, organizadas por orde alfabética e cunha clara relación etimolóxica (p.223 ss). Ou tamén “algunas frases latinas que ffacilmente pasan al gallego” en OPD, “textos referentes a *A gaita gallega* non incluídos nela”, o 4º texto (1874), na páx. II do “Discurso preliminar”, do cal son algunhas mostras estas:

LATÍN	GALLEGO
Ego sum bonus	Eu son bó.
Da mihi denarium	Dame diñeiro.
Respondemus quod non	Respondemos que non.
Sic Deus me adjuvet	Asi Dios me axude.
Nulla rosa sine spinis	Non hai rosa sin espiñas.
Nullum mel sine fele	Non hai mël sin fèl.
Exclamat coecus: quis me daret videre	Esclama o cego: quén me dera ver.
Ego sum qui sum	Eu son quen son.

Por certo, en relación con isto, a “Dedicatoria” composta en latín no “4º texto” asínaa coas iniciais do seu nome nesa lingua (Sic: JEP et V).

Máis que anécdotas resultan outros comentarios, cheos de didactismo, que teñen o trazo da adaptación á nosa realidade e lingua. É o que acontece, por exemplo, co que se nos conta sobre as explicacións que Sarmiento daba da nosa palabra *peirau* (*peirao*) a partir do grego *Pireo*:

Hablando de la Moureira, arrabal de Pontevedra, dice:“A todos aquellos desembarcaderos de la Moureira aun hoy llaman Peiraos o Peiraos; y aun a todo el muelle de la villa llamábamos los niños o Peirau. Se me atravesó en la imaginación siendo grande si acaso la voz Peirau tendría alguna alusión con Pireo, o Peirao de los griegos”. (F.7, p. 427)

Outros exemplos de interese que Pintos traduce son:

— AGG, F.1 (p.79): encabezamento en latín e tradución:

Expecta paulisper maiora videbis.
Agardade un pouco que un conto vos quero.

— F.2, “A nai do achadizo” (p.183): outro encabezamento en latín e tradución:

*Semper laborat nulla umquam pace
nulla tranquillitate fruitur.*
Sempre leira co pesar
sin poder sosego achar.

— Na F.6 traduce o *Carmen Patrium sive Pontevedra* de Amoedo Carballo ao galego, *Canto á Miña Terra ou sea Pontevedra*.

— Da mesma maneira recolle e traduce na F.4 (p.251) uns versos do poeta Ovidio, compostos desde o seu exilio no mar Negro:

Nescio qua natale solum dulcedine mentem/tangit , et inmemorem non sinit ese sui (Ovidio)

XMP traduce:

Non sei qué ten o chan de cada un/que sempre se lle quer máis que a ningún.

Estes versos, repetidos con *variatio*, saen de novo máis adiante (p.265):

¿Non gemes ti cal gemía/o poeta mixiriqueiro
lembrándose alá no Ponto/do seu querido terreo,
decindo coa triste pruma/que fai chorar os seus versos
“*mentem delcedine tangit/natale qua solum nescio?*”

O canto á patria volve figurar en “Ao Poeta D.T.V.T., Fillo de Vigo” (1875) ao estar encabezada a composición co dito latino:

Dulcis amor patriae/dulce videre suos

Tamén, con outra variante e efecto, “A Galicia”, v. 676, ao final recolle unha variación do coñecido lema que o dominico galego Fernando de Oxea (1560-1615) puxo baixo o escudo de Galicia:

In hoc misterium fidei firmiter profitemur.

Mais onde a dimensión de Pintos como tradutor acada potencia e relevo é co gran poeta latino Horacio. É sobre todo o motivo da fugacidade da vida coas súas *variationes* o que lle merece a Pintos dedicación. A brevidade da vida fronte ao aniquilador e inevitábel poder da morte, asunto de raíces xa bíblicas (6), conta con mostras moi logradas no noso autor, relacionadas sempre con referencias concretas da nosa realidade nacional. Destaquemos algunhas:

— En conexión co tema da “*pallida mors*” horaciana e, usando como pretexto e ambientación as ruínas do convento de Lérez, atopamos:

A fouzaña do tempo varre todo,/trocando o deste mundo
d’arriba para baixo, sin ter modo,/meténdoo no profundo.
A probe chouza, o pazo mui dourado,/o gran e maila palla,
cando máis un está desprocatado/repara que é borralla
“Antonio e Margarida” (1857) (vv. 65 ss)

Para podermos comparar, lembremos os coñecidos versos de Horacio:

pallida Mors aequo pulsat pede pauperum tabernas/regumque turris
(*Carm.IV,1*,vv.13-4)

No texto de Pintos observamos tamén a presenza do “*pulvis et umbra sumus*” (*Carmina I 4, IV 7*), unha variante do tópico, sintetizado no concepto de “borralla”.

Esta materia da febleza e inconsistencia da vida humana e, simultánea, a fortaleza omnívoda da morte ten outros tratamentos similares, mesmo con repercusións sociais, tal e como xa aparecía en textos antigos:

N'hai que facerlle, señores,/que a todo lle chega o termo,
e todo o varre e aniquila/a gran fouzaña do tempo ... (Contos da aldea... vv.3655 ss)

Ou noutras palabras, ben adaptadas a un contexto como o de Pintos:

E o frío pé da morte vai petar/da mesma moda ó pazo que ó pallar (AGG F.2 p.160)

E máis adiante

Por último vén todo a ser da morte,/e tanto se apodrecen os señores
como o probe labrego ó pé da corte (F. 3 p.176)

Ou tamén

Lá de donde vimos na montaña/a miseria é tan grande que non pode
a gente se queixar, ¡e a gran fouzaña/da morte acode! (F. 3 p.190)

Todo este material, cunhas orixes de tanta antigüidade, tivera como mostra ben significativa na nosa cultura, entre moitas que se poderían citar, o soneto de Pedro Vázquez de Neira, o “*Respice finem*”, incluído na relación das coñecidas como “Exequias da raíña Margarida” (1612), un sentido pranto pola defunción desta, cheo de atmosfera barroca con notoria e directa increpación ao poderío inexorábel da Morte e cun lamento polo carácter efémero e inconsistente da vida:

¿Non se torcera aquel fatal costume/i lei que iguala do morrer na sorte
os altos reis coos baixos labradores?/Terrible, en fin, é teu poder, ¡oh, Morte!,
pois diante de ti, reis e señores/son néboa, sombra, poo, son vento e fume

Ou, igualmente, a invocación á propia morte no soneto con falda de Joan Gómez Tonel:

...¡oh, Morte!, túa gadaña!

— Outras veces o que nos aparece é, explícitamente, todo o universo de preguntas retóricas que compoñen o *ubi sunt?*:

¿Onde van Margarida aqueles días/de Lérez esperanza?
¿Onde van os praceres, e alegrías/da nova boa andanza?
 (“Antonio e Margarida”, vv. 73ss)

En fin, a breve selección exposta amósanos a intencionalidade de Xoán Manuel Pintos de dignificar, a partir do mundo clásico, todo o relativo á nosa lingua e cultura, tan necesitadas daquela coma hoxe de estima e enxalzamento. Un dos mecanismos máis proveitosos e *útiles* para incidir positivamente no propio aprezo ao noso país. Nesta tarefa, Pintos acadada no seu contexto unha relevancia extraordinaria.

(1) Algúns exemplos de latín relixioso: *Crescite & c.* (Crecede e multiplicádevos) dito bíblico, en “Dándome parte Faustino Domínguez...” (1843) (Seguindo a Obra Poética Dispersa, M.C. Ríos Panisse). En “A Usura” (1845), referencias ao Ev. Mateo (vv.31-2); *dicite in lumine/super tect.*; Ibid.v39 *Libri sapientiae* (libro da sabedoría de Salomón) / tamén en AGG, F.5, páx.322; Ibid. 57-59: ...*Bene facite et mutuuum date, nihil/Inde sperantes; et erit merces vestra multa,/et eritis filii Altissimi...* (Lucas) / tamén AGG F.5, páx.322. De AGG (ed.Carme Hermida): *a nativitate* (F.1,p.95); *pra vitam aeternam* (F.1,p.97); ...*dicite in lumine/...super tecto* (F.5, p.321); ...*laus Deo* (F.5, p.322)...

Algunhas das citas e aforismos clásicos poden ser: OPD. Foliada 1, textos referidos a AGG, 3º texto (1857): *Multae renascentur quae jam cecidere, cadenque./Quae nunc sunt in honore vocabula usus,/Quem penes arbitrium este, et, jus et norma loquendi* (Horat. *Ad Pis.*). Tamén o 4º texto, páx 1 portada (1874) *Dulciter inflata mira*. En AGG: f.1 *si vis scire doce* (p 80); *pra vitam aeternam* (p 97); f.2 *ab initio* (p 161); f.3 *ad pedem litterae* (p. 211) [=f.5, p.319]; f.4 *pro famosiori* (p.252), *in albis* (p.290); f.7 *Fuit Ilion* (p. 414)... Entre as citas de autores clásicos: De OPD: “A Galicia” (1861) *Misit dives Gallaecia pubem* (Silio Itálico, *De bello punico*), ou “Ao Poeta D.T.V.T., Fillo de Vigo” (1875) *Dulcis amor patriae*. De AGG: F. 2 (p.163) *Palladis exemplo de me sine matre creata/carmina sunt: stirps haec progenies que mea* (Ovidio, *Tristia*), ou (p.165) *Quis talia fando temperet a lacrymis?* (Virxilio, *Eneida*), ou (p.187) *Claudite iam rivus, pueri, sat p... biberunt* (Virxilio, *Égloga*), ou F.5 (p.320) *intentique ore tenete* (adaptación Virxilio, *Eneida*) ou (p. 374) *dulce et decorum est pro patria mori* (Horacio).

(2) En canto a referencias de mitoloxía podemos citar, do abundante catálogo que o noso autor manexa, as seguintes mostras: De OPD, “Á entrada do Señor Arsbispo cando viña do seu desterró de Mahón. Cantábase na porta de San Roque en Santiago” (1844): v.104 Sirena; “Queixumes dunha fonte” (1857): v.20 de Marte gran lexión (alude á praza da Ferrería onde estaban os ferreiros, forxadores de armas), v.158 de Tántalo sedento (fillo de Zeus e pai de Penélope); “Antonio e Margarida” (1857): v.227 ...campo Eliso (campos Elisios); “1858” (1857): un amplo repertorio mitolóxico coa presenza de Marte, Mercurio, Xove, Venus, Teucro, Saturno, O Sol, Titán ou Apolo, Diana, Amaltea... Aquí interesa reseñar a adaptación ao noso contexto de Venus, cualificada como “a marisqueira”. “Consellos da tía Fuca á súa sobriña” (1858): v.33 Citer (=Venus); “Xacinta e Catriña” (1858) : v. 268Marte; “O Reiseñor” (1858): v.8 Flora; “Contos da aldea...”: v.2144 Venus e Baco, v. 5271 Febo; “Recramo” (1859): v.343 Hipocrene e Helicon (fonte do monte Helicón, a residencia das Musas), v. 413 Minerva, v.434 Marte, v.49 Penélope; “A Galicia” (1861): v.6 Febo, v.31 Frora, Ceres e Pomona, v. 390 Minerva; “Bieito e Manuela” (1867): v. 50 Minerva. De AGG: Venus, Orfeo (F.3, p 191), etc.

(3) Así, podemos citar: “Contos da aldea...”: v.3134 Safo e Dido se mataron/por amoros, din as letras; “Recramo” (1859): v.489 ¡De Penélope na tea; “A Galicia” (1861): v.115 Tetis, v.253 Lucrecia, Virxinia; 4º texto, de 1874, da Foliada 1 referido a AGG: v. 185 Iliada, Eneida... En AGG: F.1 p.103-4 musas,Parnaso; F.2 p.148 Dido, p.160 délfico nume; F.5 p.312 Penélopes... Tamén aparecen Escipión, Haníbal, Numancia, Lucrecia, Agameón, Teucro, etc. en diversas partes da obra.

(4) Cómpre salientar, por exemplo: OPD “Contos da aldea...”: Virxilio (v.3162), Horacio (v.3166); “Contestación” (Á “Epístola” de Alberte Camino) (1859): Ovidio (v.83); Foliada 1ª, textos referidos a AGG 4º texto: Cicerón (v.154); AGG.F.2 p.139ss: Cicerón, Quintiliano; p. 142 Homero; F.3 p.213 Cicerón, Platón; p.219 Quintiliano, Horacio, Silio Itálico; F.7 p.428 Eliano (el escribe Aliano)...

(5) Por exemplo: OPD, “Contos da aldea...” Primeira Parte: Da mihi, Musa, paule meam regalare polainam/pollice douratam Phaebi dum toco guitarram.(Car.); “Contestación” (Á “Epístola” de Alberte Camino) (1859): (v.77) dixo: filius ille p./Qui primus carmina faxit/fronte ferre mereciat; Foliada 1ª (textos referidos a AGG) 3º texto: “Nunquam palitroquiños...”. De AGG: f.2 (p.136) Diis, parentibus, gaiteriis/Numquam, ¿entendes?; f.4 (p.290) ...qui dicuntur/dentes habere coelli; f.5 (383) Ante leves ergo pascentur in aethere cervi,/et freta destituent nudos in littore pisces/(...)/quam gaitae bico desbotet Gaiterus sopretum (parodia de Virxilio, *Égloga*1). Tamén os “textos referentes a *A gaita gallega* non incluídos nela” en OPD conteñen exemplos de latín macarrónico.

(6) Poden ser citadas as seguintes fontes bíblicas, entre outras: “*nada máis ca un sopro, –di Qohélet– un lene sopro, un breve aire é todo*” (Eclesiastés I 2); “*Todo canto ten diante é efémero; xa que a todos alcanza o mesmo destino...*” (Ecl. IX 2-3); “*O home, nado de muller, curto de días...*” (Xob 14); “*fuxirá a nosa vida coma rastro de brétema, disipada coma néboa perseguida das raiolas de sol e esmagada pola súa calor. O noso momento é o de fuxir da sombra e non ten retorno o noso final: pónselle o selo, e xa ninguén retorna*” (Sabedoría 2, 2-5) (VVAA. *A Biblia*, SEPT, 2001)